

**Obxectivos:**

O curso ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Coñecer o marco normativo de aplicación en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos distintos niveis territoriais de goberno.
- Dotar os asistentes das ferramentas necesarias para a implementación, nas súas respectivas organizacións, das políticas en materia de transparencia e datos abertos.
- Proporcionar as claves para a xestión pública baseada na innovación e na Administración electrónica e no novo marco relacional derivado dos mecanismos en liña, en particular, as redes sociais.

**Destinatarios:**

O curso está dirixido a aqueles profesionais que se encadren nalguna das situacións seguintes:

- Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.
- Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, cargos electos, así como profesionais que se atopen en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

**Convocatoria:**

DOG núm. 199, do 19 de outubro de 2016.

**Lugar de desenvolvemento:**

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).  
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

**Información e matrícula:**

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) Web: <http://egap.xunta.gal>

**Dirección académica:**

*María Concepción Campos Acuña.* Secretaria de Goberno Local. Concello de Vigo.

**Coordinación:**

*Daniel Neira Barral.* Avogado. Investigador USC.



**XUNTA  
DE GALICIA**



galicia

# EGAP

ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA

*CURSO SUPERIOR*

***TRANSPARENCIA, BO GOBERNO E DATOS PÚBLICOS***

Santiago de Compostela, 7 de novembro a 27 de xaneiro de 2017



# PROGRAMA

7 de novembro de 2016

16:00 - 20:00 h. **Inauguración. MASTER CLASS.**

*Milagros Otero Parga.* Valedora do Pobo.

*Olga Mella Puig.* Xefa da Unidade de Apoio. Consello de Transparencia e Bo Goberno.

*Begoña Villaverde Gómez.* Consello de Contas.

## MÓDULO I. TRANSPARENCIA, ÉTICA PÚBLICA E BO GOBERNO.

8 de novembro de 2016 (16.00 - 20:00 h.)

**1. A transparencia como política pública en España. Xénese, evolución e situación actual.**

1.1. Antecedentes e dereito comparado en materia de transparencia. A Lei de transparencia, acceso á información e bo goberno.

1.2. A transparencia no nivel autonómico. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia

1.3. A transparencia no nivel local. O papel das entidades locais intermedias.

*María Concepción Campos Acuña.* Secretaria de Goberno Local. Concello de Vigo.

14 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**2. Ética pública e bo goberno ao servizo da boa administración.**

2.1. Principios e valores no exercicio de responsabilidades públicas. O bo goberno na Lei de transparencia. A definición de marcos de integridade institucional.

2.2. Estándares de conduta e conflitos de intereses. Especial referencia á contratación pública.

2.3. Códigos éticos e de bo goberno como ferramenta de loita contra a corrupción.

*Enrique Benítez Palma.* Conselleiro na Cámara de Contas de Andalucía.

15 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**3. Transparencia pública vs. Transparencia privada.**

3.1. A responsabilidade social corporativa. A transparencia e o bo goberno no sector privado.

3.2. Sistemas de prevención e cumprimento normativo. Aproximación ao *compliance*.

3.3. *Lobbies* e grupos de interese.

*Helena Ancos Franco.* Directora da Área de Responsabilidade Social Empresarial. UCM.

## MÓDULO II. PUBLICIDADE ACTIVA E RENDICIÓN DE CONTAS. O PORTAL DE TRANSPARENCIA E A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

21 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**1. O Portal de Transparencia: deseño e configuración.**

1.1. A publicidade activa exerceuse on line. A Administración electrónica ao servizo da transparencia.

1.2. Deseño e implantación do Portal de transparencia: principais aspectos técnicos e xurídicos.

1.3. A calidade da información: xestión, mantemento e avaliación.

*Natalia Prieto Viso.* Directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Xunta de Galicia.

22 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**2. As obrigacións de publicidade activa na Lei de transparencia.**

2.1. Obrigacións de publicidade activa; categorías normativas.

2.2. Especial referencia á publicidade activa en materia de contratación.

2.3. A organización administrativa da transparencia. Unidades de información.

*Víctor Almonacid Lamelas.* Secretario xeral do Concello de Alzira.

28 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**3. A transparencia como elemento clave para a rendición de contas.**

3.1. Rendición de contas e transparencia: configuración para recuperar a lexitimidade democrática.

3.2. Rendición de contas a través da publicidade activa e do acceso á información.

3.3. Especial referencia ás obrigacións de información económica e orzamentaria.

*Eloy Morán Méndez.* Auditor do Consello de Contas.

## MÓDULO III. DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN. LÍMITES E GARANTÍAS.

29 de novembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**1. Dereito de acceso á información.**

1.1. Configuración legal do dereito fundamental? Perspectivas de dereito comparado.

1.2. O dereito de acceso á información na Lei de transparencia.

1.3. O dereito de acceso á información polos interesados na normativa sobre procedemento administrativo común.

*Judith Gifreu Font.* Profesora titular UAB. Directora da Cátedra Enric Prat de la Riba.

12 de decembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**2. Límites e dificultades no exercicio do dereito de acceso. Especial referencia á protección de datos.**

2.1. Límites ao exercicio do dereito de acceso. Acceso parcial.

2.2. Causas de inadmisión e valor interpretativo dos criterios dos órganos de control.

2.3. A protección de datos persoais como elemento de ponderación.

*Luis Míguez Macho.* Profesor titular. Universidade de Santiago de Compostela.

13 de decembro de 2016 (16:00 - 20.00 h.)

**3. Procedemento de acceso á información pública.**

3.1. Identificación vs. firma electrónica no acceso á información.

3.2. Tramitación e resolución do procedemento: especialidades.

3.3. Vías de impugnación. O silencio administrativo.

*Joaquín Meseguer Yebra.* Subdirector xeral de Transparencia do Concello de Madrid.

